


FORUMMETROPOLITANO

**MÚSICA DE
CÁMARA NO
FORUM**



**Ayuntamiento de La Coruña
Concello de A Coruña**

ANO III - N.º 4

PABLO RODRÍGUEZ
Guitarra

**Obras de: Mudarra, Bach,
Scarlatti, Mertz, Turina,
Carlevaro, Walton e Brouwer**

**ORGANIZA:
AULA DE MÚSICA DE CÁMARA
CONSERVATORIO DE MÚSICA - A CORUÑA**

**MÁS INFORMACIÓN EN:
<http://www.xente.mundo-r.com/musicadecamara>**

**LUNS, 9 de febreiro
20:00 horas**



PABLO RODRÍGUEZ, guitarra

Nace na cidade da Coruña, onde inicia os seus estudos musicais á idade de 6 anos, baixo a tutela do seu pai, o compositor e mestre de guitarra Enrique Rodríguez Iglesias. Asiste a clases de interpretación e perfeccionamento cos mestres Roland Dyens e Kostas Kotsiolis (*Festival de la Guitarra*, Córdoba 2002 e 2003 respectivamente), con Miguel Trápaga e Ana Duro (Comillas 2002) e outros como J. C. Mellado ou Gabriel García Santos, do que recibe consello frecuentemente. Euloxio Albalat e Ramón Molist son os seus mestres no Conservatorio de Música da Coruña, centro no que continua os seus estudos baixo a dirección de Xosé Manuel Dapena.

Ós 14 anos comeza a actuar en público. Ten actuado como solista, ou como membro de formacións camerísticas, en diversos puntos da xeografía galega. Tamén foi membro da *Agrupación Musical Albéniz* coa que viaxou por gran parte de España dende o 1995 ata o 2000. No ano 2001 é finalista no I Certame de Xoves Intérpretes "César Aira" celebrado en Cacabelos (León). No 2002 é terceiro premio no mesmo, volvendo a ser finalista na edición do 2003. O seu repertorio abarca dende o Renacemento ata as músicas contemporáneas (Jazz, Bossa-Nova, Electrónica...)

Pablo Rodríguez é mestre de guitarra nas escolas *Stroke'n Roll* (A Coruña) e *Alfaia* (Santiago de Compostela).

PROGRAMA

A. de MUDARRA (1510?-1580) *Fantasia N.º X que contrahace el arpa a la manera de Ludovico*

J. S. BACH (1685-1750) *Suite BWV 997*

- Preludio

D. SCARLATTI (1685-1757) *Sonata en La M, K. 208*

J. K. MERTZ (1806-1856) *Elexía*

J. TURINA (1882-1949) *Fandanguillo*

A. CARLEVARO (1918-2001) *Preludios Americanos*

- Campo

W. WALTON (1902-1983) *3 Bagatelas*

- I. Allegro assai
- II. Lento sognando
- III. A la cubana

L. BROUWER (n. 1939) *O Decamerón negro*

- A arpa do guerreiro
- A fuxida dos amantes polo val dos ecos
- Balada da doncela namorada